

M<sup>a</sup> del Pilar Paredes Mirás

**Mentalidade nobiliaria  
e nobreza galega**

**Ideal e realidade na Baixa Idade Media**

Editorial Toxosoutos

SERIE TRIVIUM

2002

# Índice xeral

<b>Prólogo</b> .....	7
<b>Lista de abreviaturas</b> .....	13
<b>Introducción</b> .....	15

## **A literatura xenealóxica e a súa importancia para o estudio dos caracteres da nobreza**

<b>I. A presenza do xenealóxico na Idade Media do occidente europeo</b> .....	31
1. Os textos xenealóxicos como fontes históricas.....	31
2. Orixe e evolución da literatura xenealóxica .....	39
<b>II. A produción xenealóxica na Península Ibérica</b> .....	53
1. A tradición xenealóxica en Castela, Aragón e Navarra. As xenealoxías de Roda e o Liber Regum.....	53
2. A literatura xenealóxica no reino de Portugal .....	63
<b>III. A natureza dos Livros de Linhagens: contexto e funcionalidade</b> .....	69
1. O Livro Velho .....	69
2. O Livro do Deão.....	72
3. O Livro de Linhagens do Conde Don Pedro .....	74
3.1. As motivacións.....	79
3.2. As fontes.....	85
3.3. As refundicións.....	93

## **As liñaxes galegas e a súa representación nos nobiliarios portugueses**

<b>I. A presenza da nobreza galega nos Livros de Linhagens .....</b>	<b>103</b>
<b>II. A formulación dunha memoria das orixes familiares.....</b>	<b>109</b>
<b>III. A construción das estruturas das liñaxes:</b>	
<b>Relacións de parentesco e poder .....</b>	<b>133</b>
1. Liñaxes e sistemas de parentesco.....	133
2. Mulleres e liñaxes.....	144
3. Matrimonio e liñaxes.....	151
<b>IV. Vectores de proxección da nobreza galega .....</b>	<b>165</b>
1. A nobreza galega nos ámbitos eclesiásticos .....	165
2. Integración no ámbito peninsular e estratexias de futuro .....	171
3. A categoría da nobreza galega a través dos personaxes.....	177
<b>V. A nobreza galega e o ideal cabaleiresco .....</b>	<b>185</b>
<b>VI. Os ascendentes galegos da nobreza portuguesa .....</b>	<b>207</b>
<b>Conclusións.....</b>	<b>231</b>
<b>Fontes e bibliografía .....</b>	<b>243</b>
<b>Apéndices.....</b>	<b>251</b>

## Prólogo

Na segunda metade do século XX, a investigación e o coñecemento acerca do pasado das sociedades tiña experimentado nos países desenvolvidos un sorprendente crecemento. Nun proceso que non deixou de afectar culturalmente ó enriquecemento da historiografía galega, integrada nesa mesma dinámica, e que posibilitou unha verdadeira época dourada no estudio da Historia.

Un aproveitamento cada vez máis minucioso e extenso das fontes documentais e a crecente diversificación das testemuñas e restos a analizar permitiu un tratamento cada vez máis integrador dos problemas, unha perspectiva socializante dos procesos históricos, unha utilización crecente de procedementos analíticos procedentes das chamadas ciencias sociais e unha reclamación constante ás identidades metodolóxicas na procura de novas formas de historiar. Eran os tempos da chamada Historia Económica e Social. O que deu paso, a partir da década dos setenta, a unha nada dixerible e babélica proliferación de temas, formas de aproximación ós mesmos e posibilidades dunha escrita de contido histórico, da que aínda carecemos de estudos e valoracións globais e axeitadamente axustados. Tempo de caos e de indeterminación, pero tamén de riscos, buscas e tanteos do que aínda está por facer unha síntese ou escolma argumentada. E que propiciou, nos primeiros anos noventa, unha certa crise de identidade máis producta da complexidade e diversidade dos argumentos e fórmulas utilizados polos historiadores ca da carencia de liñas ou plantexamentos sobor dos que traballar que chega ata o tempo presente..

Iso tradúcese nun certo refluxo da produción que mantén, sen embargo, un nivel de calidade e rigor máis ca notable, pero, sobre todo, nunha paralización da capacidade prospectiva e innovadora que tiña caracterizado a boa parte do proceso anteriormente descrito. ¿Esgotamento de posibilidades ou simple pausa para un novo pulo...?

Pero aínda hai outra variable non considerada que incide de forma decisiva e, polo mesmo, condiciona toda a evolución precedente. Refírome ó incremento do alumnado universitario e, por conseguinte, dos titulados en Historia e dos historiadores, o que non é o mesmo. A investigación histórica medrou como medraba o número dos investigadores e estudiosos da Historia nunha progresión exponencial; o que agudizou a diversidade das formacións xerais e específicas dos futuros investigadores e das formas e procedementos dende os que abordar o traballo e acurtou o proceso de maduración intelectual dos mesmos, necesitados de potenciarse e afirmarse nun promisorio mercado de traballo, hoxe colmado e, polo mesmo, cáseque inexistente para satisfacer as aspiracións e inquedanzas dos máis novos. Como se pode comprobar, a evolución cultural tampouco pode contemplarse á marxe das leis do mercado.

Floración dunha investigación histórica rigorosa, diversificación temática, inflación do número de licenciados e estudiosos da Historia en relación ós postos de traballo e cansazo e interrogación acerca dos camiños a recorrer son tamén caracteres que debuxan a evolución da produción historiográfica en Galicia. E que non deixan de afectar no que se refire a un campo tan específico como especializado, que é o da investigación en Historia Medieval.

Unha disciplina que ten unha particular importancia na interrogación que a sociedade galega de hoxe se poida facer acerca do seu pasado e orixes, pois foi nos tempos do medievo cando se evidenciaron e deseñaron boa parte dos caracteres que ían definir os perfís da sociedade galega por cáseque un milenio e, aínda, seguen a condicionar a nosa estrea na postmodernidade. Galicia mestura sempre de pervivencias ancestrais e luminosos refugos das inquedanzas máis avanzadas.

Dese contexto global e cercano, no ámbito do medievalismo galego, xorde o traballo que o lector ten nas súas mans: **Mentalidade nobiliaria e nobreza galega**. Froito do esforzo atento e desusadamente rigoroso dunha autora que representa a aqueles dos historiadores a quen lles está encomendada a tarefa de defini-las bases da historiografía nestes inicios do século XXI. Concienciada no seu labor, meticolosa no trato coas súas fontes, madura na súa concepción das perspectivas a abordar e precisa no emprego dunha escrita tensa e ricaz é o expoñente dunha formación seria e madura que, por circunstancias alleas á súa vocación, non ten o recoñecemento social e laboral que as súas innegábeis cuali-

dades xustificarían sobradamente. Soamente o chato e tristeiro presentismo que invade á nosa sociedade e ós seus representantes, faltos de proxectos e propostas de futuro e demasiado apegados ás inquedanzas cotiáns, serven para explica-la milagre do inexplicable.

Galicia e Portugal, a imaxe do estamento nobiliar galego nas fontes xenealóxicas portuguesas, a presenza da identidade imaxinaria na configuración da imaxe do real son os eixos que vertebran e vivifican o seu traballo. Visión do Eu no espello do Outro, reflexión acerca do propio en relación co próximo alleo... ¿alleo...? Máis ben diríamos distinto. Semellanzas e disimilitudes na veciñanza, que fan deste traballo un estudo de tratamento ben singular e atrevido e de carácter pioneiro.

Un traballo que, concibido en primeiro termo como tese de licenciatura, foi estimado unanimemente como sobresaliente polo tribunal xulgador; valoración claramente refrendada coa concesión do I Premio de Historia Medieval de Galicia da editorial Toxosoutos. Unha aposta anovadora dunha editora aínda xove.

Pilar Paredes aporta con el un espléndido froito á investigación acerca da Historia Medieval de Galicia pero, por riba de todo, contribúe a albiscar un deses vieiros polos que debe percorrer a produción historiográfica nos albores do século que recén comeza.

*Santiago Jiménez*